



UN TRÁXICO ANIVERSARIO

base doutras disciplinas e como fundamento de novos campos científicos e de tecnoloxías emerxentes.

·Evidenciar os grandes retos da física do século XXI.

·Motivar a reflexión do rol da física no desenrolo dos países.

·Promover a física como parte da nosa herdanza cultural.

Para rematar, lembrar tamén que, igual que en moitos outros lugares do mundo, no noso I.E.S tamén se celebrou este ano dedicado á física con tres interesantes conferencias: Esquerda e dereita no cosmos. a asimetría no universo por D. Jaime Barros, Por que me gusta tanto a física por D. Antonio Ribas Menéndez e O CERN, o maior laboratorio de física do mundo por D. Ramón Cid Manzano. Estes tres actos tiveron lugar respectivamente o día 30 de marzo, o día 6 de abril e o día 14 de abril e trataron de dar a coñecer ao alumnado diversos temas relacionados coa física como por exemplo a simetría dos espellos, os posibles obxectivos da física nun futuro, o traballo realizado no CERN...

Estas xornadas foron unha boa iniciativa para facer ver aos alumnos a importancia da física e ao mesmo tempo facer que entraran en contacto con este presente Ano Mundial da física.

Inge-Marie Andersen
Martínez

Preto de nós atópase o once de marzo, máis coñecido coma o 11M, no que moita xente perdeu seres moi queridos, como maridos, esposas, fillos, tíos sobriños, amigos...

¿Por que? ¿por ser culpables dun roubo, dunha violación, dun asasinato...? pois NON, morreron por ser xente inocente, por coller un tren á hora de sempre para ir traballar ou estudar.

Ese día toda España, e con ela todos nós, espertamos salpicados de sangue, sangue de xente inocente.

Desde a chegada da noticia, o noso país estaba conmocionado, e por desgraza moita xente preparando o loito.

España cambiou un vermello inxusto por un negro de pena, dor, sufrimento... por un loito conxunto.

Agora xa nada podemos facer máis que recordalos con pena e amargura, nunca esquezaades, querid@scompañeir@s a xente que morreu o 11M, porque por desgraza outro día podíanos tocar a calquera de nós



ONDA DE RACISMO

Nos pasados días chamoume a atención un suceso ocorrido nun barrio ao sur de Madrid: "Mozo español asasinado a mans dun suramericano cando ambos mantiñan unha pelexa". Ata aquí mesmo se podería dicir que non me sorprende, pois hoxe en día eventos coma este xa non son noticia ningunha, e pola contra acendemos o televisor ou a radio esperando escoitar algunha barbaridade deste tipo ou aínda peor. Ben, volvendo ao conto, o caso é que tras este desafortunado acontecemento, mozos radicais deron en perseguir a todos os inmigrantes que atoparon por diante, e non debemos esquecer que foron moitos, xa que neste barrio da capital o número de persoas estranxeiras é o suficientemente alto como para plantexarnos a busca de solucións efectivas.



Vendo que isto non ocorría, os veciños decidiron convocar unha manifestación multitudinaria para pedir unha maior seguridade, así como o cese deste xermolar de violencia xenófoba. Feito chamativo é o comportamento dos pais do mozo falecido, que reclaman xustiza para o autor do asasinato – actitude totalmente comprensible-, pero que piden, igual que os demais manifestantes que se deixe de acosar aos outros inmigrantes que non cometeron maior delito que vir a España buscando unha oportunidade para eles, pero sobre todo para os seus fillos. Evidentemente trátase dun erro sinecdótico, xulgamos o todo pola parte. Un feito preocupante pero cada vez máis frecuente nunha suposta sociedade multicultural.

Beatriz Rey Gosenje. B1A